

COMPRESIÓN LECTORA

LINGUA GALEGA 5º

EDITORIAL ANAYA (MODIFICADO)

Irisarri anima os rapaces reunidos en Correlingua a empregar o galego durante os 365 días do ano

Ferrol, 8 de maio de 2008

O alcalde, Vicente Irisarri, e a concelleira de Educación, Mercedes Carbajales, desprazáronse onte pola mañá ata o recinto feiral para apoiar unha nova edición do Correlingua. Eles foron os encargados de dar a benvinda aos nenos e nenas que, arremuiñados preto do escenario, agardaban a que comezase o espectáculo lúdico-musical. Antes, os rapaces percorreron o paseo marítimo da Malata nunha carreira non competitiva na que portaban pancartas a favor da lingua de Castelao.

Irisarri quixo animar os rapaces e rapazas a empregar o idioma galego “os 365 días do ano” en todos os aspectos da súa vida cotiá.

A actividade, que convocaba a centos de rapaces e rapazas dos centros de ensino de Ferrol e bisbarra dos niveis de Infantil e Primaria, comezaba no día de antonte na Coruña e tras visitar onte Ferrol rematará a súa andaina en Ourense, precisamente na xornada previa á celebración do Día das Letras Galegas.

Concibido como unha proposta de carácter lúdico-educativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de fomento da lingua galega, o Correlingua pretende tamén, segundo os seus organizadores, que os nenos poidan exercer como galegos e galegas a través do uso do idioma.

<http://www.xornalgalicia.com/index.php?name=News&file=article&sid=312.70>

1. A que tipo de público se dirixe o Correlingua?
2. En que cidades galegas se celebrou xa?
3. O alcalde dunha desas cidades animou os rapaces a ...

4. Que fixeron os rapaces antes de empezar o Correlingua?

5. Cal é a “lingua de Castelao”?

6. Escribe outro título apropiado para o texto.

7. Busca información sobre Castelao (<http://gl.wikipedia.org/wiki/Castelao>), e contesta as seguintes preguntas:

a) Que actividades desenvolveu na súa vida?

b) De que revista foi director artístico? Por quen foi fundada esa revista?

c) Que libros narrativos publicou?

d) E que obras teatrais?

e) En que libro expresa o seu pensamento político?

A pesar da mellora e ampliación dos medios de extinción, o número de incendios medra cada ano

Aínda que a natureza conta cos seus propios mecanismos para se recuperar tras a acción do lume, a intensidade e repetición dos incendios están afectando os bosques e mais a fauna, que poden necesitar ata 120 anos para recuperarse, e iso se non quedan afectados para sempre.

O lume reiterado diminúe a capacidade da vexetación de volver a aparecer no terreo, e os animais que non morresen migran a outras zonas. A erosión, pola súa banda, xera solos cada vez menos produtivos e máis áridos, e increméntase o risco de secas.

Consellos para previr un incendio forestal e sobre como actuar no caso de atopármonos fronte a un lume xa declarado:

- Non prender lume no monte en épocas de risco (maio-setembro). O resto do ano, só en lugares acondicionados para facelo.
- Non botar tabaco nin lixo no chan.
- De se producir un incendio, chamar aos servizos de extinción, ao 112.
- Non participar na extinción se non se está cualificado.
- Se o incendio está empezando, pódese intentar apagalo botándolle auga ou terra á base das lapas ou eliminando a vexetación de arredor para que non se propague.
- Para afastarse do incendio, o ideal é ir contra o vento sen correr, e cubrindo as vías respiratorias cunha tea húmida.

<http://revista.consumer.es/web/ga/20050701/medioambiente/69869.php>

1. Canto tempo poden tardar a vexetación e a fauna en se recuperar despois dun incendio?

2. Que pode pasar se se repiten os incendios?

3. Que é a erosión? Que consecuencias ten?

4. Resume, por separado, os consellos para previr un incendio forestal e para actuar fronte a un lume.

5. Escribe un slogan para evitar os incendios forestais.

É tempo dos 'tweens'

Que é un tween?

O termo pode identificarse co de preadolescentes (entre 8 e 12 anos). Engloba un grupo de consumidores que se sitúa entre a infancia e a adolescencia —de feito, tween procede do inglés *between*, 'entre'—. Os seus produtos estrela: o teléfono móbil e o MP3.

As súas características:

- Son rapaces con moita presión por crecer. A comunicación para chegar a eles é practicamente a mesma que para chegar aos adolescentes, porque o tween se fixa nos maiores, non nos da súa idade.
- Aínda son moi nenos, non aprenderon a esperar, polo que buscan unha satisfacción ou gratificación inmediatas.
- Claves para chegar a eles son o reto, as sorpresas e, especialmente, todo o que implique compartir e estar conectado con outros.
- Rexeitan todo o que teña aparencia infantil e rebélanse contra todo o que implique autoridade.
- As nenas tweens son distintas dos seus compañeiros de xeración. Mentres eles se senten atraídos polos deportes, os videoxogos e as novas tecnoloxías, elas comezan a inclinarse cara aos temas de moda e beleza. Teñen ademais espazos de ocio diferentes: elas prefiren os centros comerciais, e eles, os centros recreativos e os espazos deportivos.

<http://www.data-red.com/cgi-bin/articulos/ver.pl?id=2007304193512>

1. Que é un tween?

2. Cres que teñen máis de nenos ou de adolescentes? Por que?

3. O texto fala duns "produtos estrela" para os tweens. Cales son?

4. Os rapaces e as rapazas tween non teñen os mesmos gustos. Escribe dúas diferenzas.

5. En que te semellas ti aos tween e en que sodes diferentes?

Escribir un diario

Hoxe en día é difícil distinguir entre blog e diario, xa que moita xente considera que un blog é, en certa maneira, un diario en Internet. Pero o termo diario segue referindo á súa acepción tradicional. O diario é ese caderno no que o seu autor, todos os días, escribe con bolígrafo durante cinco minutos o que el considera relevante no que lle ocorreu durante o día. É, en resumo, un libro por e para un mesmo.

Para alguén que queira empezar a escribir un diario, aquí van unhas pautas que poden ser de axuda:

1. A propia vida parécelle extraordinaria, é a mellor historia que pode narrar xamais.
2. Un diario é unha historia intimista. Nun diario, a obxectividade e a sinceridade son calidades opostas. Seica o novelista ruso Leon Tolstoi escribía tres diarios: un para que o lese a súa muller; outro, que pensaba mandalo publicar despois da súa morte; e outro que levaba sempre con el, escondido na súa bota dereita, no que poñía os seus pensamentos máis íntimos.
3. O diario debe reflectir a vida do escritor, ou o que lle pareza máis importante dela. Se non tivo un día fóra do normal, pero ten ganas de escribir, quizais o apropiado é reflectir o seu estado de ánimo.
4. A xente nova e os futuros escritores servíronse dun diario para apuntar as súas inquietudes literarias. Por exemplo, o famoso escritor Ernest Hemingway escribía algunhas das cousas que lle ocorrían, que podían ser o argumento dunha novela.

<http://www.papelenblanco.com/2008/01/15-escribir-un-diario>

1. Que é un diario na súa acepción tradicional?

2. Para quen se escribe un diario?

3. Segundo a lectura, é o mesmo un blog que un diario? Razona a túa resposta.

4. Por que cres que Leon Tolstoi escribía tres diarios?

5. Para que utilizaba Ernest Hemingway o seu diario?

6. Conta, a modo de diario, algo que che ocorrese onte.

Un Papá Noel da montaña luguesa

Unha asociación cultural de Santiago editou hai pouco un folleto coa intención de popularizar a figura do Apalpador, un ser mítico que, segundo a tradición oral do Courel e dos Ancares, visitaba os nenos na última noite do ano para deixarlles como obsequio unha presada de castañas quentes.

Segundo persoas de idade avanzada, veciños das citadas localidades, contábaselles aos nenos de antano a historia do Apalpador, un personaxe de grande estatura, vestido cun casaco remendado e unha boina. Durante o ano vivía nas devesas, dedicado a fabricar carbón, alimentándose de bagas silvestres e cazando xabarís. Na noite do 31 de decembro entraba nas casas e apalpaba as barrigas dos nenos —de aí vén evidentemente o seu nome— para ver se pasaban fame ou se estaban fartos. En caso de que os encontrase ben alimentados, dicíalles: "Así, así esteas todo o ano".

Unha veciña de Romeor do Courel recorda unha cantiga que se lles cantaba aos nenos cando non podían durmir debido aos nervios pola próxima chegada do Apalpador: "Vaite logo meu ninín (ou niniña), / marcha agora á camiña / que vai vir o Apalpador / a palparche a barriguiña".

A asociación compostelá propón recuperar esta figura como unha alternativa aos personaxes de Papá Noel e dos Reis Magos: "Deixemos que sexa un galego, un honesto e traballador carboeiro, quen veña agora cos presentes para as nosas moradas, e que as castañas de antano sexan acompañadas por outros bens que a súa xenerosidade de seguro lle permite doar".

La Voz de Galicia, 3-12-2008

1. En que zona de Galicia se contaba a historia do Apalpador?
2. Segundo a tradición, en que data visitaba os nenos? Que lles levaba?
3. Por que cres que é unha tradición "oral"?
4. Por que lle chamaban o Apalpador?

5. Como era o Apalpador? Que facía durante o ano?

6. Que che parece a idea de recuperar este personaxe para substituír a Papá Noel e os Reis Magos?

7. Escribe outro título que che pareza axeitado para a lectura.

8. Nesta dirección http://www.pglingua.org/pdfs/20081107_gentalha_o_apalpador.pdf podes ver unha representación gráfica da figura do Apalpador realizada por Leandro Lamas. Fai unha descrición física del.

A saúde vai á escola

A evolución que experimentou o concepto de saúde reflíctese, entre outros moitos aspectos, en que hoxe en día poidamos falar de ensinar saúde nas aulas.

Mais a escola non ten que limitarse unicamente a transmitir unha serie de información sobre saúde. A súa meta é educar no máis pleno sentido da palabra, de xeito que o alumno non só aprenda, memorice e, co tempo, esqueza uns contidos que alí se lle transmiten, senón que se implique, participe e sexa activo na aprendizaxe da saúde.

As primeiras actuacións concretas, á marxe das ensinanzas sobre hixiene que eran tradicionais nas escolas, tiñan un marcado carácter médico: charlas informativas sobre temas de saúde, normalmente impartidas por un sanitario que se despraza ao centro escolar, ou exames médicos.

As tendencias actuais en canto á implantación da Educación para a Saúde na escola sinalan que debe ter como punto de partida as situacións cotiás, aquelas cousas que ocorren de xeito espontáneo e polas que os alumnos senten especial interese. Ten que orientarse a que os alumnos aprendan a identificar os riscos, vantaxes e problemas de saúde no medio en que se desenvolven; que aprendan a tomar as decisións máis axeitadas, a coidar deles mesmos e dos outros, a buscar información e axuda en temas de saúde e a relacionarse co ambiente e cos demais saudablemente.

M.^a Teresa Sánchez Castaño: *A saúde vai á escola*, Revista Galega do Ensino, n.º 10, febreiro de 1996.

1. De que trata o texto?

2. Escribe outro título apropiado para o texto.

3. Que son as “normas de hixiene”? Pon algún exemplo.

4. Cando se empezou a ensinar saúde nas escolas, de que forma se facía?

5. E cales son as tendencias actuais para a educación da saúde na escola?

6. Explica algunhas cousas que debes facer e outras que debes evitar para mellorar a túa saúde.

Todo medo

De neno tíñalle medo aos descoñecidos e cando algún adulto me falaba, baixaba a cabeza e centraba a mirada no brillo intrigante dos zapatos lustrosos de meu pai. Tiñan un aquel enigmático, nunca estaban sucios a pesar de velos andar por carreiros cheos de lama. Apenas lembro a cara do meu pai, só aqueles zapatos. O mesmo acontecía coa miña nai: se algo me asustaba, turraba polo seu xersei e cubría a cara con el como se a la fose un escudo que me protexía de todo.

Eu fun neno durante moito tempo, a miña infancia pareceume eterna, as horas eran interminables, e os meus medos alongábanas máis aínda. Tíñalle medo ao mestre, por iso as clases parecían non rematar nunca. Tíñalle medo á escuridade, o que facía as noites tan longas que cría que o sol non ía volver saír nunca máis. Tíñalle medo ás alturas, iso levou a que non me relacionase cos outros rapaces, dado que para chegar á vila tiña que cruzar unha ponte que parecía non chegar nunca ao outro lado. Tíñalle medo á auga; para non morrer dun corte de dixestión agardaba ata cinco horas inacabables sen me meter no mar.

Cando deixei de ser neno, meu pai quixo que eu estudase para médico, e saquei a carreira a pesar do arrepío que me producía o sangue. Fíxeno por medo a decepcionar a meu pai.

Ao rematar a carreira sentíame incapaz de exercer de médico e aceptei o primeiro traballo que me ofreceron: vendedor de enciclopedias a domicilio. Acepteino por medo a estar desempregado eternamente.

Un día quedei encerrado neste ascensor. Foi entón cando recoñecín a covardía enfermiza que caracterizou a miña existencia. E foi entón cando decidín que ao saír deste caixón ía acabar con ese medo a todo.

Raquel Uzal, na Biblioteca Virtual Galega.

1. Escribe catro situacións, persoas, obxectos... que, de neno, lle daban medo ao home que fala.

2. Por que non se relacionaba con outros rapaces?

3. Por que despois de comer agardaba ata cinco horas antes de se bañar no mar?

4. Que carreira estudou de maior? Por que?

5. Que traballo desenvolveu logo? Por que?

6. Cando decidiu acabar cos seus medos?

7. Ponlle outro título á lectura.

9. Di algo ao que ti lle teñas medo e pensa en posibles solucións para superalo.

Empanada de lamprea

Ingredientes

Para a masa:

Medio quilo de fariña.
Trinta gramos de lévedo.
Cen gramos de manteiga de porco.
Medio vaso de auga.
Sal.

Para encher:

Dous quilos de lamprea.
Cuarto litro de aceite de oliva.
Un quilo de cebolas.
Unha clara de ovo para pintar a masa.
Un vaso de viño branco.
Sal.

Preparación

A masa. Nun recipienteponse a auga morna, o lévedo e o sal, e váiselle engadindo amodo a fariña, ata obtermos unha masa moi traballada. Deixar repousar ata dúas horas, cuberta cun pano.

O recheo. Partir a lamprea en anacos, enfariñala e fritila en aceite quente. Reservar. No aceite sobrante, fritir a cebola co viño branco. Cando estea todo feito, mesturar a masa coa manteiga de porco e estendela co rolo. Forrar unha fonte enfariñada. Botar enriba a cebola e mais a lamprea. Co resto da masa, tapar facendo un burato no centro. Pechar ben os bordos e pintar co ovo (así a masa quedará brillante). Cocer no forno forte ata dourar (uns trinta minutos).

<http://www.geocities.com/Paris/6221/receitas.html>

1. Indica M (masa) ou R (recheo) ao carón dos seguintes ingredientes, segundo corresponda:

| | | |
|---------|---------|-------------|
| cebolas | lévedo | viño branco |
| fariña | lamprea | auga |

2. Que é unha “fonte enfariñada”?

3. Para que se pinta a masa con clara de ovo?

4. Ordena os pasos que hai que seguir para preparar a empanada.

Fritir a lamprea enfariñada.

Facer a masa.

Cubrir unha fonte cunha capa da masa.

Cocer no forno uns trinta minutos.

Botar o recheo e cubrilo con outra capa da masa.

5. Explica unha receita que teñas visto preparar (ou invéntaa ti). Recorda que debes indicar os ingredientes e mais a forma de preparala.

As burgas

As burgas son uns mananciais de augas termais que se localizan na cidade de Ourense. Deles brotan unhas augas a unha temperatura entre 64 e 68° C, cun caudal de 300 litros por minuto. Estas augas son aplicables a diferentes tipos de problemas de pel.

A orixe do nome das burgas non está moi clara. Seica provén do latín *burca*, que quere dicir "pía", en alusión aos baños utilizados polos romanos como balnearios.

Son tres mananciais:

A burga de arriba, a máis antiga, de estilo popular e pertencente ao século XVII.

A burga do medio, de estilo moderno.

A burga de abaixo, de estilo neoclásico, século XIX, con dous canos laterais e unha pía labrada no centro con outro cano.

Como dato curioso podemos comentar que antigamente as paisanas usaban a fonte para escaldar os polos e quitarlles así as plumas de forma máis doada.

Tampouco está clara a orixe destes mananciais: unha lenda di que nacen debaixo da capela do Santo Cristo, na catedral, e outra di que son causadas por un volcán en repouso que está na base do Montealegre e que nalgún momento podería chegar a estoupar.

Xunto coa catedral e a ponte romana, son un dos símbolos da capital ourensá, á que se lle deu en chamar "Cidade das burgas".

Tomado e adaptado da *Galipedia*.

1. De que trata o texto?

2. Que é auga termal?

3. Seica a palabra burga vén do latín *burca*. Que significa?

4. Cantas burgas hai, cales son e cal delas é a máis antiga?

5. Antigamente, para que ían as paisanas ás burgas?

6. Cales son os tres símbolos da “Cidade das burgas”?

7. Vai á páxina <http://galiciaencantada.com/> , busca burgas e resume unha das tres lendas que se contan sobre elas.

Pantasma. As pantasmas son ánimas en pena solitarias que se aparecen nas casas ou nos camiños e que producen o pánico das persoas. Poden permanecer na terra moitos anos, ás veces roldando insistentemente o mesmo lugar: o castelo ou a casa na que viviron ou morreron; os bosques ou os camiños da parroquia; o pozo, a furna ou o río no que afogaron. Talvez son almas perdidas, que non saben ou non poden abandonar este mundo.

Cóntase de dous homes que foran moi amigos. Eran contrarios na partida de naipes e o único que alteraba a súa boa relación podía ser a discusión por un trunfo mal trunfado. O Xosé gañaba máis veces, e aí estaba, aos ollos de Manuel, o seu único defecto. Igual que non debía un céntimo a ninguén, tampouco aturaba que ninguén llo debese a el. Pero morreu, e pasado algún tempo, Manuel viu o Xosé á porta da súa casa. Cada día, ao volver da partida, vía a Xosé na porta. Sempre se lle aparecía no mesmo lugar. E el dáballe voltas. Que pode querer? Que lle faltará?

Un día lembrou que lle deixara a deber dous pesos por mor do xogo. Así que viña reclamarllos! Correu á igrexa, gastounos en candeas pola alma de Xosé e nunca máis se lle apareceu a alma daquel teimudo.

Xoán R. Cuba, A. Reigosa, X. Miranda: *Dicionario dos seres míticos galegos*,
Edicións Xerais, 2008

1. Resume as características das pantasmas segundo os autores do texto.
2. Quen era mellor xogando ás cartas, Xosé ou Manuel?
3. Busca no texto un sinónimo para estas palabras: baralla, caverna, moedas e testán.
4. Que facía Xosé despois de morto? Por que?
5. E que solución encontrou Manuel?

6. Escribe o argumento dunha película de pantasmas que coñezas.

O Medulio

Ata o ano 27 a. C., case douscentos anos despois de entrar os romanos na Península Ibérica, e despois de múltiples intentos, estes non podían cos nativos que habitaban os montes do que é hoxe Cantabria, Asturias e a Galicia oriental. Aquí atopábanse importantísimos xacementos de ouro que Roma cobizaba con disimulo.

Recrutaron mercenarios por todo o Imperio, engraxaron a maquinaria de guerra e equiparon o maior exército de toda a historia de Roma. O emperador César Augusto xogouse todo a unha; el en persoa presentouse na Hispania ao mando de todos os exércitos. Á parte do ouro, estaba obsesionado con imitar o seu tío Xulio César na conquista das Galias (Francia).

Despois de múltiples escaramuzas, os galaicos retiráronse ao monte Medulio. O monte Medulio, que aínda non está localizado, sitúano os historiadores cerca do río Miño (ou Sil). Posiblemente na primavera do ano 26 a. C. tres columnas romanas atacaron este monte. O camiño cara ao monte Medulio foi terrible: graves e duros combates, nun terreo plagado de matogueiras con ferintes espiñas, enormes precipicios, estreitos desfiladeiros de profundidade abismal e abundantes e espesas selvas.

Os romanos non se atreveron a atacar o Medulio e decidíronse polo asedio. Para iso, escavaron un foxo ao redor deste, de 25 quilómetros de lonxitude, vixiado día e noite polos soldados.

Cando os nativos se deron conta da súa extrema situación (ou se entregaban ou morrían de fame), apresuráronse a buscar a morte polo lume, polo ferro ou polo veneno. Así, case todos se libraron da escravitude, que para eles era peor cá morte.

Tomado e adaptado de http://usuarios.multimania.es/geogalicia/monte_medulio.htm

1. Que había no noso territorio que tanto cobizaban os romanos?

2. Quen era César Augusto? A quen pretendía imitar?

3. Por que se retiraron os galaicos ao monte Medulio?

4. Onde sitúan os historiadores o monte Medulio?

5. Os romanos tiñan un exército ben armado. Daquela, por que non se atreveron a atacar o Medulio?

6. Que solución encontraron os romanos para acabar cos nativos?

7. E que fixeron os nativos cando se decataron da súa extrema situación?

8. Vai ás páxinas <http://gl.wikipedia.org/wiki/Galos> e <http://gl.wikipedia.org/wiki/Galaicos> e responde:

a) Quen eran os galos?

b) En que se parecían aos galaicos?

c) Que rexión habitaba cada un dos dous pobos?

Man, o alemán de Camelle

Este documental intenta afondar na alma deste famoso personaxe. Chamábase Manfred Gnadinger e nacera, en 1936, nunha vila alemá.

No verán de 1961 partiu cara a Galicia. Unha mañá chegou a Camelle, unha pequena vila de pescadores na Costa da Morte. Manfred conseguiu aloxamento na casa de Uxía Heim, tamén alemá. O rapaz presentouse como artista pobre buscando inspiración e Uxía conmoveuse por aquel compatriota quixotesco.

Despois dun tempo, Manfred empezou a segunda vida, aparentemente rompeu coa razón, encerrouse en si mesmo e instalouse na beira tormentosa da Costa da Morte, preto das pedras onde rompen furiosas as ondas.

Primeiro levantou unha tenda con tea vella de vela. Máis tarde armou unha casiña con madeira. Logo, púxolle algunhas paredes de ladrillos e chamouna o seu “museo”. E alí, fronte ao Atlántico, viviu 40 anos dedicados á arte, como Robinson Crusoe nunha illa europea, facendo esculturas con obxectos recollidos na beira do mar.

Nun xardín que limita coa agua creou unha xeografía con aire modernista: grandes pedras esféricas formando columnas e cadeas, algunhas das cales están pintadas de branco ou negro. Os ósos de animais, principalmente mariños, e algunha caveira que podería ser de cabalo ou burro acompañan as construcións onde tampouco falta o reino vexetal.

A paisaxe marítima nas súas diferentes versións será a escenografía deste documental, que comezará ás beiras do lago Gnaden (Alemaña) e rematará ás beiras do bravío Atlántico.

Tomado e adaptado de:
<http://www.axenciaaudiovisualgalega.org/>
<http://usuarios.lycos.es/mancamelle/MAN.htm>

1. Onde e cando naceu Man?

2. Como se chama a vila galega na que viviu durante 40 anos? Onde está situada?

3. Cantos anos tiña cando chegou?

4. Como se presentou?

5. Que cres que quere dicir que “aparentemente rompeu coa razón”?

6. Como foi construíndo Man a súa casa?

7. Que utilizou para facer as súas esculturas?

8. Que concellos inclúe a Costa da Morte? Podes atopar información no enderezo:
<http://www.blogoteca.com/costadamorte/index.php?cat=7936>

9. Averigua a cal deles pertence a vila de Camelle?

A muiñeira

A cultura galega tivo, dende hai moitos séculos, notables coros e corpos de baile que recollían as melodías populares e as danzas campesiñas, mariñeiras, etc. Estas danzas executábanse nas festas e romarías das distintas comarcas galegas.

A muiñeira é o xénero musical máis común do folclore galego. Acompañada polo son da pandeireta, é sempre un alarde de ritmo, rapidez e vistosidade.

Unha das muiñeiras máis características de Galicia é o espantallo. É unha danza campesiña, con música popular. O traxe que se utiliza é típico da comarca de Noia e pertence ao século XVIII. Trátase dunha danza inspirada nun espantallo. No medio do baile o espantallo cobra vida para bailar coas mozas. Este baile é en realidade un culto ao Sol, ás augas polas boas colleitas e ao espantallo que as protexe. Este baile é un dos poucos nos que só bailan as mulleres cun único home. Ese home pon unha corozza por riba da súa roupa e baila con ela.

Outra das muiñeiras que se interpretan moito é a muiñeira de Fraga (provincia de Pontevedra). Bailada por homes e mulleres a principios deste século. Está caracterizada pola roda, común na maioría dos seus paseos e coplas. É de ritmo rápido, que permite comprobar a variedade de muiñeiras existentes en Galicia, segundo a súa zona ou comarca. Así, por exemplo, a ribeirá é de ritmo moi lento.

Tomado e adaptado de <http://www.arcanaverba.org/cedofeita/folklore.html>

1. Con que construcións tradicionais galegas pode estar relacionada a palabra “muiñeira”?
2. Que instrumento musical adoita acompañar as muiñeiras?
3. Como se chama unha das muiñeiras máis características de Galicia? Que información proporciona o texto sobre o traxe que se utiliza nesta danza?
4. Que muiñeiras se usan no texto como exemplo de ritmo rápido e ritmo lento?

5. Nesta dirección <http://www.youtube.com/watch?v=h1JZUAMWQVg> atoparás un vídeo da muiñeira do Espantallo. Despois de velo, fai unha descrición da danza.

Un paseo do máis natural

Emprazado na zona central da Península do Morrazo, no parque existen interesantes xacementos arqueolóxicos, como mámoas e petróglifos, que conforman o chamado *chan de Castiñeiras*.

O Parque da Natureza de Cotorredondo estrutúrase ao redor do lago e os regatos que o alimentan, dando lugar a un espazo singular no que coexisten especies autóctonas con árbores de moi distintas procedencias.

Destacan exemplares de grande interese botánico. No interior do parque pódense atopar máis de 40 especies diferentes de árbores e arbustos, así como plantas, feitos, brión, liques, fungos e algúns cogomelos.

O parque constitúe unha importante zona de refuxio e cría para centos de especies de animais silvestres. No lago crían parrulos de xeito estable, e os regatos que o alimentan e a xunqueira acollen zonas preservadas para a cría de numerosos anfibios.

Os réptiles están representados en gran variedade de especies de lagartos, lagartas e cobras.

Un contorno forestal diverso atrae a dúcias de especies de aves en todas as épocas do ano, e son cada vez máis frecuentes as visitas de mamíferos.

A Aula da Natureza de Cotorredondo é un equipamento de Educación Ambiental aberto durante todo o ano, no que se pode atopar información sobre os distintos itinerarios e actividades que se realizan no contorno do parque. Os grupos organizados (centros escolares, asociacións, concellos, etc.) que desexen participar nas actividades educativas da Aula da Natureza deberán concertar a visita previamente.

Tomado e adaptado de <http://www.cotorredondo.net>

1. Averigua en que provincia está o Parque da Natureza de Cotorredondo.
2. Que elementos conforman o chamado *chan de Castiñeiras*?
3. Escribe tres exemplos de especies vexetais e animais que se poden atopar neste parque.
4. Que se pode atopar na Aula da Natureza de Cotorredondo?

5. Busca información e explica a diferenza entre lagartas e lagartos.

6. Escribe outro título para o texto.

7. A imaxe mostra a “Mámoa do Rei”, un dolmen ou anta que se atopa no Parque de Cotorredondo. Descríbea.



A compañía Berrobambán consegue o éxito internacional

Unha serie de personaxes inician o seu día cos actos máis cotiáns. Saen da cama, almorzan, dúchanse, saen de paseo ou tenden a roupa... Porén, esas tarefas tan habituais complícanse de diferentes modos e crean situacións do máis cómico. Esta é a base do argumento de *Diariamente*, a obra que levou á compañía galega Berrobambán a realizar unha xira polos maiores festivais de teatro para nenos de Canadá.

Sobre esta sinxela idea, constrúese unha historia completamente muda, por medio de xestos, e que esixe a interacción do público infantil para o seu desenvolvemento. “As palabras non son necesarias, abonda coa linguaxe corporal e co sentido do humor”, explica Paula Carballeira.

A situación infantil

“En Galicia hai un teatro infantil de calidade, ao nivel doutras compañías internacionais, o que é destacable porque, dez anos atrás, o teatro infantil de actores e actrices en Galicia era case inexistente. Hai unha longa tradición de teatro de títeres e de monicreques, pero non de teatro infantil de actores e actrices, que para nós ten unhas claves diferentes ás do público adulto”, sinala Carballeira. Precisamente Berrobambán foi un dos grupos pioneiros neste xénero, ao se crear en 1996 a partir de membros da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.

Tomado e adaptado de <http://www.culturagalega.org>

1. En que país estivo de xira a compañía Berrobambán?
2. Como se titula a obra que representou?
3. Que tipo de linguaxe utilizan os actores nesta obra?
4. Conta brevemente o seu argumento.

5. Segundo Paula Carballeira, de que hai en Galicia unha longa tradición?

6. Que novidade supuxo a creación da compañía Berrobambán?

7. Hai unha boa oferta, no teu concello, de teatro en galego para nenos? Escíbelle unha carta ao alcalde con algunhas propostas: que cambiarías, que mellorarías, que farías novo...